



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN DE FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE (EXPOURENSE) PARA LEVAR A CABO A CONTRATACIÓN CONXUNTA DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUNHA PROTECCIÓN DA PISTA DE ATLETISMO QUE PERMITA A COMPATIBILIZACIÓN DOS EVENTOS DEPORTIVOS COS EVENTOS FEIRAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A SUBDIRECTORA XERAL DE XESTIÓN DEPORTIVA DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE,
DECLARA:

Que esta SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou coa Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (EXPOURENSE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de xuño de 2018 ata o 30 de novembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense) para acometer as obras de reforma da protección da pista de atletismo hidráulica no recinto feiral de Expourense segundo o recollido na memoria valorada redactada polo arquitecto Cristobal Ocariz Meana.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a colaboración interadministrativa e entre a Administración Pública e particulares coa finalidade mellorar a eficiencia da xestión pública e facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos.



A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas coa finalidade de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

A lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, provoca que, aínda que unha das partes non sexa unha administración pública, teña encaixe esta actuación na denominada “contratación conxunta esporádica” xa prevista no artigo 38 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública que dispón que “dous ou máis poderes adxudicadores poderán acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas”, establecendo que os poderes adxudicadores interesados terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas, responsabilidade que introduce o artigo 31.3 da lei 9/2017 de contratos do sector público.

II. As partes asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Fundación Expourense ven xestionando de co éxito o recinto feiral e para elo conta cos medios e o persoal necesarios para levar a cabo a licitación pública da organización e execución dos eventos feirais. En definitiva, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a Fundación Expourense lle preste a súa colaboración á Secretaría Xeral para o Deporte para levar a cabo a contratación conxunta das obras de instalación dunha protección da pista de atletismo hidráulica cuberta, no Recinto Feiral de Expourense.

A celebración deste convenio ten como finalidade atender ás necesidades que presenta a instalación deportiva que se acometeu no recinto feiral de Expourense, que permita a total compatibilidade entre o uso deportivo e o feiral cun sistema de protección que evite estragos do pavimento deportivo e que ó mesmo tempo non produza desniveis que podan dar lugar a caídas dos visitantes ós eventos feirais ou entorpecementos na instalación dos stands.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela a 03 de xullo de 2018.

